



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

ANUNCIO CONTRATACIÓN 1 LIMPADORA.-

O Concello de Xinzo de Limia pretende seleccionar e contratar unha limpadora no edificio administrativo mediante contrato laboral por acumulación de tarefas para a substitución da titular da praza durante as vacacións, axustándose ao sistema de baremos en vigor para o persoal laboral temporal, actualizado consonte as previsións do Real Decreto Lexislativo 5/2015 , ó persoal que a continuación se detalla:

Nº de prazas: 1.

Denominación da praza: limpadora.

Clase de persoal: laboral temporal.

Modalidade de contrato temporal: eventual por circunstancias da produción .

Duración: dende o remate do proceso selectivo ata o 24 de abril de 2017

Funcións: as propias que se deriven da natureza das prazas ofertadas.

Requisitos imprescindibles:

- Ter a nacionalidade española, ou de Estado Comunitario, ou ser cónxuxe de español ou de nacional de Estado Comunitario, ou ser estranxeiro con residencia legal en España.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Acreditación obrigatoria requirida: certificado médico.
- Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público. Acreditación obrigatoria requirida: declaración de veracidade.
- Sen titulación requirida.

Instancias: En modelo oficial, que será facilitado aos interesados na páxina web do Concello: www.xinzodelimia.es, e que deberán presentarse no prazo de cinco días hábiles dende o seguinte a aquel en que o anuncio de convocatoria sexa inserido no diario "La Región", advertindo que en caso de presentar a documentación por algún dos medios recollidos no artigo 16.4 da Lei 39/20015, de 1 de outubro, os solicitantes deberán enviar fax ó Concello advertindo deste extremo ó número 988550112, no prazo de cinco días hábiles dende o seguinte á publicación deste anuncio no diario. Do contrario, a súa candidatura non se terá en conta no proceso selectivo.

Proceso selectivo: Mediante a avaliación dos méritos alegados, segundo os baremos que constan no Decreto de data 23.02.2017, en virtude do cal se procede á convocatoria da presente contratación, que é obxecto de publicación no taboleiro de anuncios do Concello e páxina web www.xinzodelimia.es

Xinzo de Limia, 23 de febreiro de 2017

O Alcalde

Antonio Pérez Rodríguez





CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

DECRETO DA PRESIDENCIA

O Concello de Xinzo de Limia pretende seleccionar e contratar unha limpiadora en edificio administrativo mediante contrato laboral por acumulación de tarefas para substituír á titular do posto mentres se atope de vacacións, axustándose ao sistema de baremos en vigor para o persoal laboral temporal, actualizado consonte as previsións do *Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público* ó persoal que a continuación se detalla:

Nº de prazas: 1.

Denominación da praza: limpiadora.

Clase de persoal: laboral temporal.

Modalidade de contrato temporal: eventual por acumulación de tarefas

Duración: dende o remate do proceso selectivo ata o 24 de abril de 2017

COMISIÓN DE SELECCIÓN

A comisión avaliadora estará integrada, segundo o artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, do seguinte xeito:

Presidenta: Marta María Gómez Ruiz, Secretaria do Concello
1º Vogal: Mónica Legaspi Díaz (Interventora do Concello)
2º Vogal: Germán M. Bolaño Villalba, Inspector Xefe da Policía Local.
3º Vogal: María Dolores Carrera Atanes, Auxiliar-Administrativa do Concello.
Secretario: Ana María Fernández Novas, Auxiliar-Administrativa do Concello.

REQUISITOS

- a) Ter a nacionalidade española, ou de Estado Comunitario, ou ser cónxuxe de español ou de nacional de Estado Comunitario, ou ser extranxeiro con residencia legal en España.
- b) Posuír a capacidade funcional para ó desempeño das tarefas. Acreditación obrigatoria requerida: certificado médico.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionales ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso do personal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso o emprego público. Acreditación obrigatoria requerida: declaración de veracidade.
- e) Titulación: sin titulación requerida.

MÉRITOS BAREMADOS



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

I.- PUNTUACIÓN DAS CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS:

a) Por cada mes como desempleado/a:

0,01 puntos máximo 2,00 puntos

(Acreditacións obrigatorias requiridas: Documento Acreditativo de Rexistro como Demandante de Emprego (tarxeta de demandante de emprego))

b) Por persoa ou persoas a cargo, menor/es de 21 anos (sen ingresos) ou maior/es de 60 anos (con ingresos menores ao 75% do SMI), que convivan no enderezo do solicitante, cun mínimo de 6 meses de convivencia:

1,00 punto

(Acreditacións obrigatorias requiridas: Certificado municipal dos servizos sociais onde se exprese que a persoa está a cargo do solicitante e non ten ingresos (menores 21 anos) ou os seus ingresos son menores do 75% do SMI (para os maiores de 60 anos), DNI da persoa a cargo, Informe de Vida Laboral da persoa a cargo ou Informe negativo de vida laboral, Declaración da Renda da persoa a cargo do ano anterior ou Certificación de non ter que realizar a Declaración do IRPF e calquer outro documento que puidese requirir a Comisión de Selección no proceso de elaboración das listas para clarexar esta circunstancia).

c) Por minusvalidez do solicitante compatíbel co posto de traballo, igual ou superior ao 33%:

1,00 punto

(Acreditacións obrigatorias requiridas: Certificado do grado de minusvalidez emitido pola Área de Servizos Sociais da Delegación Provincial da Vicepresidencia da Xunta de Galiza, Certificado-Informe do INSS ou da Tesourería Xeral da Seguridade Social a maiores do que se acredite que o solicitante pode compatibilizar o traballo ao que pretende acceder coa minusvalidez que padece).

d) Por minusvalidez, igual ou superior ao 65%, dalgunha das persoas que vivan ao seu cargo, con ingresos inferiores ao 75% do SMI, ata o 2º grau de consanguinidade ou afinidade, cun mínimo de 6 meses de convivencia:

0,50 puntos

(Acreditacións obrigatorias requiridas: Certificado municipal dos servizos sociais onde se exprese que o/a minusválido/a convive e está a cargo do solicitante, Certificado de grau de minusvalidez emitido pola Área de Servizos Sociais da Delegación Provincial da Vicepresidencia da Xunta de Galiza, Declaración da Renda do minusválido ou Certificación de non ter que realizar a Declaración do IRPF, Informe de Vida Laboral ou Informe Negativo de Vida Laboral, e calquer outro documento que puidese requirir a Comisión de Selección no proceso de elaboración das listas para clarexar esta circunstancia).

e) Por ter sido declarado/a, o/a solicitante, vítima dunha agresión constitutiva dun ilícito penal de violencia doméstica ou de xènero nos 5 anos anteriores à esta convocatoria:

0,50 puntos (Acreditación obrigatoria requirida: Sentenza xudicial)

f) Por tratarse do 1º emprego:

1,00 punto

(Acreditación obrigatoria requirida: Informe de Vida Laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguranza Social ou informe negativo emitido pola TXSS).

II.- PUNTUACIÓN DA EXPERIENCIA PROFESIONAL

a) Por cada mes de servizos prestados nas Administracións públicas relacionados co posto a desempeñar na mesma categoría e referidos aos últimos 4 anos:

0,15 puntos/mes



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

(Acreditación: Informe de Vida Laboral e Certificado de Servizos prestados para esa Administración ou contratos cotexados)

b) Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas relacionados co posto a desempeñar na mesma categoría e referidos aos últimos 4 anos:

0,10 puntos/mes

(Acreditación: Informe de Vida Laboral e copias cotexadas dos contratos de traballo).

A suma da puntuación dos apartados de experiencia profesional non poderá exceder de 12,00 puntos.

III.- PUNTUACIÓN DOS MÉRITOS ACADÉMICOS:

a) Por cada curso de formación ou perfeccionamento realizado con aproveitamento impartido polas Admistracións Públicas, universidades, INEM, Funfación Tripartita para Formación ou sindicatos e relacionados coas funcións propias da categoría á que se opta:

Máximo 3 puntos.

De 10 a 40 horas:	0,10 puntos por curso
De 41 a 100 horas:	0,20 puntos por curso
De 101 a 300 horas:	0,40 puntos por curso
De 301 a 500 horas:	0,60 puntos por curso
De 501 en adiante:	1,00 punto por curso.

(Acreditación: copia compulsada dos certificados acreditativos de ter realizado curso, na que conste o número de horas de formación realizada)

b) Polo coñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grado superior alegado):

- CELGA 3 ou grao de iniciación: 0,50 puntos
- CELGA 4 ou grao de perfeccionamento: 0,75 puntos
- CELGA 5 ou equivalente: 1,00 punto

Só se concederá validez, polo que á acreditación do galego se refire, aos cursos e titulacións homologadas pola Xunta de Galiza. Só se puntuará o curso de maior titulación.

DESEMPATE: No suposto de empate a puntos entre varios aspirantes acudirase para dirimilo á maior experiencia profesional.

Á vista dos informes emitidos e existentes no expediente, e en uso das facultades que me otorga o art 21 da lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

RESOLVO:

- 1) Proceder á convocatoria da presente contratación a través da publicación correspondente anuncio no diario "La Región" así como no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e páxina Web do concello (www.xinzodelimia.es) debendo seguirse do proceso de selección o procedemento ordinario a través de concurso con valoración de méritos contidos no presente decreto. Se outorgará un prazo de cinco días hábiles para a presentación da documentación a contar dende a publicación deste anuncio no diario. Advertírase no anuncio que en caso de presentar a documentación por algún dos medios recollidos no artigo 16.4 da Lei



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

39/20015, de 1 de outubro, os solicitantes deberán enviar fax ó Concello advertindo deste extremo ó número 988550112, no prazo de cinco días hábiles dende o seguinte á publicación deste anuncio. Do contrario, a súa candidatura non se terá en conta no proceso selectivo.

- 2) Designar como integrantes da Comisión avaliadora aos traballadores anteriormente relacionados.
- 3) Ordear que os resultados deste proceso selectivo se publiquen no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e páxina Web do concello (www.xinzodelimia.es) resolvendo esta Alcaldía sobre a contratación do/a aspirante que o supere en base a proposta da comisión avaliadora.

Así o mandou e asinou o Sr Alcalde Presidente, Antonio Pérez Rodríguez, en Xinzo de Límia, a 23 de febreiro de 2017, do que eu como Secretaria dou fe,

O Alcalde

A Secretaria

Antonio Pérez Rodríguez



Marta María Gómez Ruiz.



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

ANEXO I

D./Dona....., con DNI.....

1. Que tiveren coñecemento da convocatoria feita polo Concello de Xinzo de Limia para realizar un concurso e contratar mediante contrato por acumulación de tarefas a unha persoa para a cobertura de vacacións da titular do posto de limpadora.
2. Que reúno os requisitos previstos nas bases da convocatoria, que declaro coñecer.
3. Que achego coa presente instancia a seguinte documentación:
 - .- Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no caso dos extranxeiros.
 - .-Certificado médico
 - .-Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados.

Por todo o exposto, SOLICITO que se teña por presentada a presente instancia xunto cos documentos que a acompañan e sexa admitido no proceso selectivo convocado.

Xinzo de Limia, de..... de 2017

(Asinado polo/a interesado/a)



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

ANEXO II

DECLARACIÓN DE VERACIDADE

D/D^a _____, maior de idade, con
D.N.I. n^o _____ e _____ en
_____ do Concello de
_____, perante o Alcalde-Presidente do
Concello de Xinzo de Limia para participar na convocatoria efectuada para cubrir,
mediante concurso, o posto de limpadora (contrato eventual por acumulación de
tarefas)

DECLARO:

I.- Que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinar, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

II.- Que non padezo enfermidade, nin estou afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatíbel co desenvolvemento do traballo ao que opto.

III.- Que coa sinatura desta declaración doume por enterado/a que o falseamento de calquera dos seus apartados implica nulidade do posible chamamento ao traballo ou eventual contratación.

Xinzo de Limia, a _____ de _____ de _____